



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A ASOCIACIÓN “COORDINADORA PARA O ESTUDO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS-CEMMA”, PARA A ASISTENCIA, RECUPERACIÓN E ESTUDO DOS RÉPTILES (TARTARUGAS) E MAMÍFEROS MARIÑOS VARADOS NO LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de medio ambiente e conservación da natureza, de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a adopción de medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

**Antecedentes:**

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de agricultura, pesca e conservación da natureza.

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

A Asociación “Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños” (en adiante CEMMA) é unha organización sen ánimo de lucro de ámbito galego, inscrita no Rexistro de Asociacións e no Rexistro Galego de Entidades Ambientais de Galicia, que ten entre os seus fins, o fomento de accións que leven consigo a conservación das tartarugas e mamíferos mariños. En consonancia con este fin, a asociación ven participando e colaborando activamente desde 1999 na asistencia aos animais varados na costa galega e na recuperación de exemplares feridos.



**Finalidade:**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación CEMMA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de decembro 2022.

O 24 de febreiro de 2021 asinouse outro convenio de colaboración coa Asociación CEMMA, co mesmo obxecto que este convenio e con vixencia ata o 15 de decembro de 2021.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a Asociación “CEMMA” para a asistencia veterinaria e recuperación dos réptiles, en especial das tartarugas mariñas, e mamíferos mariños varados no litoral de Galicia, así como para a recompilación de mostras e estudo das causas de morte destes animais.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación “CEMMA” está constituída por socios individuais e socios colectivos entre eles: ERVA, Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM) , Asociación Galega para a Defensa Ambiental de Galicia (ADEGA), Hábitat e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.

Asemade é membro fundador da Sociedade Español de Cetáceos e membro de European Cetacea Society. Está integrada no Plan de voluntariado de Galicia desde 2003 e foi declarada asociación de utilidade pública en 2010 (DOG nº 212, do 4 de novembro de 2010).

A Asociación “CEMMA” ademais de dispor de dúas unidades móbiles para a atención dos exemplares varados, conta cun establecemento veterinario destinado en exclusividade á atención e tratamento de réptiles e mamíferos mariños, localizado no concello de Nigrán (Pontevedra) e inscrito no Rexistro de Galego de Núcleos Zoolóxicos.

As características morfolóxicas dos réptiles e mamíferos mariños, a inclusión de moitos deles no listado de especies en réxime de protección especial e no Catálogo de español de especies ameazadas , así como a distribución dispersa dos varamentos ao longo da costa galega son factores que determinan que sexa preciso contar con experiencia na manipulación e tratamento dos exemplares ademais de dispor de instalacións axeitadas e destinadas en exclusivo ao tratamento deste tipo de animais co fin de evitar contaminacións cruzadas, así como de suficiente persoal cualificado e comprometido, ben a través de persoal propio ou de voluntariado, para a súa atención, características coas que cumpre a Asociación “CEMMA” á vista da súa traxectoria na asistencia aos animais varados e de recuperación de exemplares feridos destas especies e a dispoñibilidade en réxime de exclusividade das infraestruturas e medios necesarios para desenvolver estas actuacións.

Neste sentido, cómpre sinalar que anualmente varan nas costas de Galicia unha media de 280 exemplares destas especies, incluídas en instrumentos de conservación autonómicos, nacionais e internacionais. Dos exemplares varados aproximadamente, un 10 % son recollidos con vida, o que fai necesario a súa asistencia e rehabilitación inmediata como medida imprescindible para contribuír á



súa conservación.

Este convenio tramítase conforme ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A Consellería achegará á finalidade deste convenio a cantidade de corenta mil euros (40.000 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 08.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, código de proxecto 2016 00362.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración a razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase a dificultade da súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

M<sup>a</sup> Belén do Campo Piñeiro

